



**Expediente núm:**431/2024

**Memoria Xustificativa do contrato de obra:** Reforma do viveiro de empresas

**Procedemento:** Contrato de Obras por Procedemento Aberto Simplificado

Artigo 159 da Lei 9/2017

## MEMORIA XUSTIFICATIVA

### **Introdución. Necesidades administrativas a satisfacer :**

A finalidade da execución destas obras e a reforma e dotación de equipamentos de vestiarios e sanitarios comúns no viveiro industrial de As Somozas. Na actualidade o viveiro carece deste tipo de investimento que se proxecta como zona común entre todas as naves existentes no viveiro de empresa. Estes elementos son necesarios para poder desenvolver de modo normalizado calquera actividade que conleve unha presenza prolongada nun lugar. A creación dunha zona de vestiarios separada por xénero e de uso común, comunicada con as distintas naves do viveiro flexibiliza o seu uso e aumenta o seu atractivo cara o bó desenvolvemento das actividades realizadas en cada un dos espazos e polo tanto potencia o uso prolongado deste viveiro e a súa continuidade no tempo

O viveiro de empresas do Concello de As Somozas esta regulado n Regulamento de funcionamento do Viveiro de Empresas do Concello das Somozas aprobado definitivamente o o día 27/01/2023 BOP N° 19.

**Obxecto do contrato.** Contrato de obras para a reforma do viveiro de empresas

Nos planos, cadros de medicións e presupostos, especifícanse as unidades de obra a realizar, así como as características, dotacións e dimensións dos materiais propostos.



## **Análise Técnica .Consideracións técnicas e requirimentos**

Están desenvolvidas no proxecto de obra, elaborado pola empresa Estudio Tecnico Gallego SA e asinada polo Arquitecto Isidro López Yáñez

## **Análise Económica. Valor Estimado**

Tal e como dispón o artigo 101 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o valor estimado do contrato será o importe total sen incluír o IVE

Base imponible:

- Total valor estimado: 81.286,13 €
- Presuposto base de licitación (sen i.v.e.) 81.286,13 €
- I.V.E 17.070,09 €
- Presuposto base de licitación ( con i.v.e.) 98.356,22 €

## **Estabilidade orzamentaria e Sustentabilidade financeira**

En cumprimento dos disposto no artigo 4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, a valoración da estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira da mesma.

O Contrato desta obra , esta subvencionado por un axente financiador, Consellería de Economía e Industria EXPEDIENTE: IN541A 2024/09

Confirmación do financiamento : Resolución da Consellería de Economía e Industria do 28.05.2024 pola que se lle concede unha subvención para a reforma ou dotación de equipamento ou infraestruturas do seu viveiro industrial (envíase adxunta a dita resolución), ao abeiro da Orde do 4 de xaneiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións destinadas á creación, reforma ou dotación de equipamento ou infraestruturas de viveiros industriais de empresas en parques empresariais da comunidade autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código do procedemento IN541A). Notificada o día 30/05/2024

**O principio de sustentabilidade financeira**, entendido como a capacidade de financiamento dos compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de



déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial, engloba tanto a débeda financeira, como a débeda comercial.

## **Análise do Procedemento**

### **a. Xustificación do procedemento. Criterios de adxudicación**

Dado que a cuantía do contrato é inferior ao 2.000.000 €, tramitarase polo procedemento aberto simplificado regulado no artigo 159 da Lei 9/2017 .

A elección do procedemento ven xustificada pola necesidade de favorecer a axilización de trámites establecido no artigo 28 da LCSP , que a aplicación deste procedemento fomenta .

Os criterios de adxudicación que poden ser aplicables, podendo elixir o órgano de contratación entre varios , para este contrato establececese como criterios de adxudicación os seguintes:

#### **A) Criterios avaliados mediante fórmulas**

**A) Prezo**

**b) Estabilidade no emprego**

**C) Plan de igualdade**

A tramitación do expediente será **urxente** dado que a subvención que financia o contrato ten como prazo de xustificación o día 30/10/2024 para a anualidade 2024 polo que por razóns de interese público de non perder este axente financiador do proxecto aconsellan a tramitación do expediente de contratación como urxente .

### **Cualificación do contrato**

Contrato de obra

**b. Análise de execución por lotes.** De acordo co establecido no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público é necesario xustificar o motivo que foi en base o informe técnico obrante no expediente no que se explica que Existe risco para a correcta execución do contrato procedente da natureza do obxecto do mesmo, ao implicaren a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións. o Coa división en lotes do obxecto do contrato



perderíase a optimización do control da execución global do mesmo. Coa división en lotes pérdese a coordinación da execución das prestacións. o Coa división en lotes se incrementan os custes da execución pola existencia dunha pluralidade de contratistas diferentes, tal e como xa se sinalou anteriormente, por duplicidade de maquinaria, equipos e medios humanos. o Coa división en lotes se incorporarían diferentes empresas na execución das obras, coincidindo no tempo coas distintas empresas que van a executar diferentes lotes e polo tanto increméntase o risco de accidentes debido a unha maior concorrencia das mesmas, coa consecuencia de que a coordinación de seguridade se dificulta.

- c. **Duración** .O contrato ten unha duración de seis meses , segundo establece o informe emitido polo técnico redactor do proxecto.

As Somozas, documento asinado dixitalmente na data da sinatura electrónica.

O alcalde,

Juan Alonso Tembrás.

